



BOP

SÁBADO, 26 DE NOVIEMBRE DE 2022 N.º 271

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL

Anuncio

De acordo cos principios de publicidade e transparencia, faise público que a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo en sesión ordinaria celebrada o 25.11.2022 acordou dar aprobación as bases de selección das persoas usuarias do programa "LugoTermal", así como, a súa publicación e convocatoria

BASES SELECCIÓN PARTICIPANTES PROGRAMA LUGOTERMAL

A Deputación de Lugo ten como un dos seus obxectivos principais promover o benestar social dos seus cidadáns, en cumprimento do establecido no artigo 50 da Constitución Española, o cal sinala que os poderes públicos promoverán o benestar mediante un sistema de servizos sociais que atenderán seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e lecer.

Ase mesmo, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local no seu artigo 36 establece as competencias propias das Deputacións que serán as que lle atribúan en este concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública, establecendo, entre outras, cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, e asegurar o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal. Neste senso, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, establece como competencias das Deputacións no artigo 109. d) o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSG), ten por obxecto estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais nesta Comunidade Autónoma de Galicia para a construción do sistema galego de benestar, entendendo por servizos sociais o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro de diversos obxectivos, entre os que se atopan: prever a aparición de calquera situación de dependencia, exclusión, desigualdade ou desprotección e promover e garantir o dereito universal da cidadanía galega ao acceso aos servizos sociais, garantindo a suficiencia orzamentaria que asegure a súa efectividade.

Ase mesmo, a citada LSSG establece que as competencias das deputacións provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de vinte mil habitantes.

Coa entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local (LRSAL), establece que as entidades locais non asuman competencias que non lles atribúe a lei e para as que non contén co financiamento adecuado. Por tanto, só poderán exercer competencias distintas das propias ou das atribuídas por delegación cando non se poña en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da Facenda local.

En virtude de que a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída a competencia exclusiva en materia de réxime local, de acordo co artigo 27 do seu Estatuto de autonomía, así como de acordo co seu artigo 49 a tutela financeira sobre os entes locais, respectando a autonomía que a estes recoñécenlles os artigos 140 e 142 da Constitución e de conformidade co artigo 27.2 do Estatuto, ditouse a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, a cal no seu artigo 3 establece en relación as competencias das entidades locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, no seu apartado 3. a) que non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade **na prestación dos servizos xa establecidos**, sendo este o caso que nos ocupa, xa que os programas de termalismo lévanse desenvolvendo por parte desta Deputación dende o ano 2011 nas súas diferentes edicións, dirixidos as persoas maiores empadroadas en calquera concello da provincia de Lugo, en colaboración cos balnearios autorizados pola autoridade competente para utilizar as augas minero-medicinais declaradas de utilidade pública con fins terapéuticos e preventivos para a saúde, na provincia de Lugo, segundo o establecido no artigo 22 da Lei 5/1995, de 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia,

A Deputación de Lugo pretende levar a cabo, un ano mais, un programa preventivo da dependencia e da promoción da autonomía persoal, potenciando o envellecemento activo a través do termalismo, denominado "LugoTermal". Este programa terá como obxectivo principal a mellora da calidade de vida das persoas participantes, cun carácter preventivo da dependencia e da promoción da autonomía persoal a través dos tratamentos/técnicas termais, estando dirixido a persoas que teñan 50 anos o mais e que se topen empadroadas nalgún concello da provincia de Lugo, podendo levar consigo unha persoa en calidade de acompañante, que non cumpra os requisitos sinalados.

Co obxecto de seleccionar ao participantes deste programa redáctanse as presentes bases de selección para proceder a súa convocatoria.

Base 1. Obxecto

O obxecto destas bases é a oferta de prazas para tratamentos termais con e sen estancia na provincia de Lugo dentro do programa de Benestar Social da Deputación de Lugo denominado "LugoTermal", así como, proceder a súa convocatoria.

A tal efecto enténdese por establecementos balnearios da provincia de Lugo aqueles que empreguen as augas mineromedicinais declaradas de utilidade pública con fins terapéuticos e preventivos para a saúde, segundo a Lei 5/1995, de 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia e se atopen nalgún dos concellos desta provincia.

Base 2. Participantes

Poderán ser persoas beneficiarias do programa de Benestar Social da Deputación de Lugo "LugoTermal" en establecementos balnearios da provincia de Lugo aquelas que reúnan os seguintes requisitos na data na que solicite a participación no programa:

- a. A solicitante titular do Programa deberá cumprir os requisitos de estar empadroada nalgún dos concellos da provincia de Lugo e ter cando menos os 50 anos cumpridos. A titular, poderá participar cunha acompañante que non cumpra os requisitos contemplados neste parágrafo.
- b. Valerse por se mesma para as actividades da vida diaria e estar en condicións de participar no programa, excepto no caso de fillos/as que acudan en calidade de acompañantes, os cales deberán compartir habitación cos proxenitores, os cales serán os responsables dos mesmos.
- c. Non padecer alteracións do comportamento que podan afectar á normal convivencia nos establecementos, nin padecer enfermidade transmisíbel con risco de contaxio.
- d. Carecer de contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termais.

Base 3. Prazas convocadas

Convócanse para participar no programa "LugoTermal" as prazas reflectidas no anexo II na modalidade A, tratamentos con estancia, así como, na modalidade B, tratamentos sen estancia, que se levarán en diferentes quendas e establecementos termais da provincia de Lugo durante o período comprendido dende a aprobación e entrada en vigor das presentes bases ata o 30.06.2023. En todo caso o inicio da prestación dos servizos termais estará supeditado á formalización do contrato dos mesmos (2022/CON_02/000070) e a súa duración.

Base 4. Servizos e prestacións ofertados

Modalidade A, tratamentos con estancia:

- a. Serán estanzas, nos establecementos termais da provincia de Lugo, que participen no programa, de seis (6) días e cinco (5) noites en réxime de pensión completa en habitacións de uso compartido. Con carácter xeral o domingo será o día de entrada.
- b. Se atenderá a dispoñibilidade dos establecementos para concretar o momento de acceso e saída aos mesmos, sendo acordado previamente coas participantes, pero en todo caso, a participante terá incluída unha pensión completa entre os días de entrada e saída (almorzo, xantar e cena)
- c. Con carácter xeral cada persoa participante do proxecto "LugoTermal" e por estancia terá cinco (5) días de tratamento nos cales se lles aplicarán como mínimo de quince (15) tratamentos, podendo ser ampliado por cada establecemento termal, en función da circunstancia persoal de cada participante e dispoñibilidade. Non se aplicarán as técnicas termais, cando estea contraindicado polo médico do establecemento termal correspondente, ou cando o usuario así o solicite expresamente, tendo que facilitarlle o balneario algunha alternativa, sempre que sexa viable e posible, sen custe adicional.
- d. Os tratamentos termais realizaranse utilizando as técnicas específicas de cada modalidade terapéutica concertada, adecuadas á circunstancia persoal de cada participante, en función da tolerancia e características do mesmo, e sempre baixo prescrición facultativa e seguimento médico.
- e. As persoas participantes terán un recoñecemento médico previo a aplicación das técnicas termais, co obxecto de coñecer a súa situación médica inicial e prescribir o tratamento termal mais axeitado. O/a médico do establecemento termal deberá efectuar un correcto seguimento dos tratamentos/técnicas termais co obxecto de controlar a evolución nos participantes, co especial vixilancia daquelas persoas que padecen enfermidades

crónicas ou se atopan en tratamento farmacolóxico que puidera verse afectado por estas técnicas termais. Poderase realizar un último control médico emitíndose un informe, a petición da persoa usuaria, no que se describan tódalas características do tratamento efectuado, a evolución durante o mesmo, así como, as posibles recomendacións.

f. Se terán en conta as características das participantes do programa á hora de confeccionar os menús, tendo en conta que as persoas que por prescripción facultativa requiran menú de réxime e así o acrediten, disporán dun menú especial. En todo caso o servizo de manutención poderase realizar en réxime de autoservizo ou con servizo en mesa. Se o establecemento optase polo autoservizo, deberá de prever persoal de apoio para os usuarios que o precisen.

g. O tipo de almorzo será, como mínimo, o denominado “continental”, composto por café e/ou infusións, zume, pastelería variada e tostadas, aceite de oliva, manteiga e marmeladas; os menús serán variados, ofertando, polo menos, dúas modalidades diferentes, tanto para o primeiro como para o segundo prato e sobremesa.

h. Os menús do xantar e da cea incluírán viño de mesa de calidade media e auga embotellada ou a propia do balneario, cando esta teña sido declarada oficialmente como auga mineromedicinal de utilidade pública e apta para a bebida, sobre todo se é para os tratamentos dos aparatos dixestivo, renal ou vías urinarias.

i. Os establecementos participantes deberán cumprir os requisitos de accesibilidade, dispor de teléfono e de cuartos para compartir, con baño completo ou ducha, auga quente e calefacción, no suposto de concertarse prazas para meses nos que este servizo é necesario.

j. Realizarase a limpeza diaria das habitacións. O servizo de toallas e demais lencería mudarase tendo en conta ás políticas de protección do medio ambiente.

k. O programa termal se complementará cun programa de animación sociocultural.

l. As persoas beneficiarias que estean interesadas en aloxarse en habitación individual, no caso de que houberse dispoñibilidade, teranse que facer cargo da diferenza do custo que supoña, e as que precisen dalgún tipo de apoio ou dieta especial terano que indicar no momento de presentar a solicitude e acreditarlo ao incorporarse á quenda.

m. As beneficiarias que estean interesadas en participar nas excursións ou actividades con custo adicional que organice o establecemento termal ou hostaleiro, deberán de facer polos seus propios medios e ao seu cargo.

n. O desprazamento desde o domicilio ata o establecemento termal así como o de regreso correrá a cargo das persoas beneficiarias.

o. Existirá a posibilidade de prolongar a súa estada no establecemento termal tras rematar a súa estancia ao abeiro do Programa, cun prezo especial, en virtude da dispoñibilidade do establecemento, non estando sufragado dita ampliación pola Deputación de Lugo.

p. Existirá a posibilidade de prolongar a súa estada no establecemento termal tras rematar a súa estancia ao abeiro do Programa, cun prezo especial, en virtude da dispoñibilidade do establecemento, non estando sufragado dita ampliación pola Deputación de Lugo.

Modalidade B Termalismo sen estancia

a. Trátase de recibir como mínimo (trinta) 30 técnicas termais durante dez días (con carácter xeral de luns a venres), sen estancia nos establecementos termais da provincia de Lugo.

b. Os tratamento termais realizaranse utilizando as técnicas específicas de cada modalidade terapéutica concertada, adecuadas á circunstancia persoal de cada participante, en función da tolerancia e características do mesmo, e sempre baixo prescripción facultativa e seguimento médico.

c. As persoas participantes terán un recoñecemento médico previo a aplicación das técnicas termais, co obxecto de coñecer a súa situación médica inicial e prescribir o tratamento termal mais axeitado. O/a médico do establecemento termal deberá efectuar un correcto seguimento dos tratamentos/técnicas termais co obxecto de controlar a evolución nos participantes, co especial vixilancia daquelas persoas que padecen enfermidades crónicas o se atopan en tratamento farmacolóxico que puidera verse afectado por estas técnicas termais. Poderase realizar un último control médico emitíndose un informe, a petición da persoa usuaria, no que se describan tódalas características do tratamento efectuado, a evolución durante o mesmo, así como, as posibles recomendacións.

d. O desprazamento desde o domicilio ata o establecemento termal así como o de regreso correrá a cargo das persoas participantes.

Base 5. Prezo das prazas

Modalidade A Termalismo con estancia:

Esta modalidade do Programa tería un custe total máximo de 300,05€ por usuaria e estancia con IVE, dos cales a Deputación de Lugo sufragaría como máximo 110,55 € con IVE persoa/estancia e os restante **189,50€ con IVE** correrá a cargo de cada persoa participante por estancia.

O citado importe é prezo cerrado para todos os servizos incluídos no programa, sen que proceda efectuar dedución algunha se por calquera causa imputable á persoa beneficiaria esta non desfrutase da totalidade de dito servizos.

Modalidade B Termalismo sen estancia:

Esta modalidade do Programa terá un custe total máximo a sufragar polos participantes de 200,00 € con IVE. O citado importe é prezo cerrado para todos os servizos engadidos no programa, sen que proceda efectuar dedución algunha se por calquera causa imputable á persoa beneficiaria non desfrutase da totalidade de ditos servizos.

Base 6. Presentación de solicitudes

A solicitude, presentarase conforme ao modelo oficial que figura no **Anexo I**, dirixíndoa ao Sr. Presidente da Deputación de Lugo e presentándoa, preferentemente no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo, na sede electrónica desta administración <https://sede.deputacionlugo.org/opencms/opencms/sede> ou ben por calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo para presentar a solicitude será dende o día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, quedando aberta o prazo ata o remate do programa ou ata que se esgoten as prazas convocadas.

Existen impresos normalizados establecidos ao efecto que poderán obter por medios electrónicos na páxina principal da web da Deputación Provincial de Lugo (www.deputacionlugo.gal).

Base 7. Solicitudes e documentación complementaria necesaria para a súa tramitación.

- As solicitudes formuláranse no modelo oficial que se indica no **anexo I** de estas bases, tendo que acompañalos de **copia do DNI** ou NIF da persoa interesada en participar, ou documento que regulamentariamente o substitúa e do seu acompañante se fora o caso.
- As solicitudes deberán ter os elementos básicos para poder localizar ás persoas interesadas en participar no programa, as solicitudes que non conteñan os datos mínimos expresados no artigo 66 da lei 39/2015, de 1 de Outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non serán cursadas.
- Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicarse o procedemento que ocupa, o código de expediente, se se dispón del e o servizo responsable do procedemento.
- A Deputación de Lugo, poderá, se así o considera necesario, solicitar documentación as persoas interesadas e realizar as comprobacións e verificacións que considere oportunas acerca dos datos e documentos presentados polas persoas solicitantes, con especial mención ao empadramento.
- A presentación das solicitudes supón a aceptación das condicións do programa, requisitos e obrigas fixados nel, ademais a concorrencia neste procedemento implica a manifestación tácita de consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación consonte co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos de carácter persoal será estritamente tramitación dos expedientes. En calquera caso resulta de aplicación a previsión contida na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Base 8. Instrución

Benestar Social e Igualdade será quen procederá a revisar as solicitudes e maila documentación presentada. No caso de estar incompleta, conter erros ou non achegar toda a documentación requirida, poderase reclamar aos solicitantes que emenden os defectos apreciados, de conformidade ao artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procedendo ao desestímulo e ao arquivo da mesma, no caso de non efectuar a emenda solicitada. Ase mesmo, se realizarán de oficio cantas actuacións se estimen necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos que constan na solicitude.

A selección de participantes farase atendendo ao rigoroso orde de rexistro no rexistro xeral da Deputación de Lugo, xa sexa de maneira presencial ou telemáticamente, a través da sede electrónica, unha vez completa a solicitude. Cada persoa participante só poderá constar nun expediente de solicitude aberto, polo que, no caso que unha persoa apareza en mais dunha solicitude, non resolta, non será tida en conta, quedando só como válida a solicitude antes rexistrada.

Seguidamente remitirase aos establecementos termais participantes, para a asignación da quenda oportuna, que será acordada entre o establecemento elixido e as persoas solicitantes, tendo en conta as preferencias destas, e a dispoñibilidade termal, así como, co recollido nas presentes bases. A data asignada soamente se poderá modificar unha vez, e sempre e cando, exista dispoñibilidade nos establecementos termais. Os establecementos termais só terán a obriga de facer dous intentos de asignar data de participación. No caso de ser rechazada ou anulada sen xustificación acreditada, perderán o dereito a participar do programa.

Unha vez confirmada as datas de participación entre as persoas usuarias e os establecementos termais, estes remitirán ditos datos á Deputación de Lugo para proceder á súa aprobación definitiva.

Aquelas persoas usuarias que sexan chamadas e non acepten as condicións ofertadas ou rexeiten participar no programa deberán comunicar dita decisión á Deputación de Lugo, para que estes sexan eliminados da lista de agarda e podan concorrer outros solicitantes as prazas que ata ese momento constarán reservadas para esas persoas.

A resolución de participantes lle corresponde á Presidencia da Deputación de Lugo, sendo obxecto de publicación na web da Deputación de Lugo. Contra a indicada resolución, que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer os seguintes recursos, sen prexuízo dos cales os interesados poderán exercer calquera outro que consideren procedente: recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación da resolución, perante o mesmo órgano que adoptou a resolución, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, perante o Xulgado Contencioso Administrativo de Lugo, computado a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación da resolución.

Base 9. Comunicación aos interesados

Todas as comunicacións aos interesados realizaranse de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de Outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos e comunicacións relativas ao Programa que procedan en virtude do procedemento administrativo, faranse públicas no taboleiro de Anuncios da Deputación e na páxina www.deputacionlugo.org xurdindo a publicación os mesmos efectos que a notificación. Non obstante cando a Administración estime que a publicación efectuada resulta insuficiente, e co obxecto de axilizar o procedemento, poderá efectuar adicionalmente notificación individual por correo electrónico a dirección que os interesados designasen. O prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no artigo 44 da lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, será de cinco días.

Base 10. Confirmación das prazas e lista de espera

Unha vez notificada a concesión da praza, para poder facer uso dela, as persoas beneficiarias terán a obrigaçión de presentar o BonoTermal nominativo, que será facilitado pola Deputación de Lugo, para a súa presentación no establecemento Termal na quenda correspondente e que lle acreditará como participante do Programa.

As persoas solicitantes que, cumprindo os requisitos establecidos para participar no presente programa, non obteñan praza, quedarán incluídas nunha listaxe de agarda, e serán chamadas por rigorosa orde de rexistro-validación da solicitude, segundo queden vacantes dispoñibles na opción elixida.

Cando a persoa solicitante titular sexa chamada tres veces e non se obteña resposta, poderá o centro xestor pasar ao seguinte da listaxe, co fin de axilizar o procedemento, sen que isto supoña a expulsión da listaxe para a primeira.

Existirá a posibilidade de que calquera participante do proxecto "LugoTermal" poda volver a participar no mesmo, sempre e cando existan prazas sen cubrir e non exista lista de espera. En último termo, os novos solicitantes sempre terán prioridade sobre estes.

Base 11. Renuncia á praza.

No caso de que a persoa beneficiaria renuncie á praza outorgada no Programa "LugoTermal" deberá comunicalo por escrito empregando a declaración de renuncia ao posto, modelo adxunto como anexo III, no prazo de 10 días contados a partir da notificación do outorgamento á Deputación Provincial de Lugo. De non presentarse a renuncia no prazo establecido será motivo de exclusión directa para novas solicitudes. As persoas participantes non poderán volver a optar a novas solicitudes deste programa, salvo que a renuncia se xustifique axeitadamente (problemas de saúde, familiares...).

A persoa beneficiaria no caso de non poder acudir o día de entrada no establecemento balneario asignado, deberá comunicar tal circunstancia ao mesmo coa máxima prema, podendo facelo telefonicamente, así como, con posterioridade á Deputación de Lugo, o mais cedo posible para a persoa beneficiaria.

A persoa beneficiaria que tivera outorgada a praza e non se presentase no día e establecemento asignado perderá o dereito a participar neste programa ao abeiro da resolución que lle concedía este dereito.

Base 12. Perda da condición de beneficiaria do programa.

Ademais das circunstancias establecidas na base 8 das presentes bases, tamén perderán a condición de persoa beneficiaria participante do programa aquelas que non abonan ao establecemento termal, o importe da cantidade estipulada para a praza que se lle outorgou.

A consignación ou achega de datos ou documentos falseados ou inexactos para a obtención das prazas reguladas polas presentes bases, implicará a cancelación da praza obtida, no suposto de que non se participase na quenda, ou a obriga, por parte da persoa interesada, de abonar o prezo real da praza, sen prexuízo das accións que procedan na aplicación da normativa vivente, si xa desfrutara a quenda.

Base 13. Normativa

Establecementos termais e usuarias deberán de respectar e cumprir a normativa vixente de aplicación propia da natureza da actividade, salientando a sanitaria derivada da pandemia polo Covid-19.

Lugo, 25 de novembro de 2022.- O Presidente, P. D. Decreto de data 26-07-2019 o deputado delegado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón.

**ANEXO I SOLICITUDE
(ACOMPANHAR CON FOTOCOPIA DO DNI)**

1. DATOS PERSOA TITULAR SOLICITANTE

NOME	<input type="text"/>	PRIMEIRO APELIDO	<input type="text"/>	SEGUNDO APELIDO	<input type="text"/>
DNI	<input type="text"/>		DATA DE NACEMENTO	CONCELLO NO QUE SE ATOPA EMPADROADO	
	<input type="text"/>			<input type="text"/>	

1.1 Datos de contacto a efectos de notificación

Domicilio (Rúa, número, escaleira..)

<input type="text"/>	Código postal	<input type="text"/>	Concello	<input type="text"/>	Teléfono/s de contacto	<input type="text"/>	ou	<input type="text"/>
----------------------	----------------------	----------------------	-----------------	----------------------	-------------------------------	----------------------	----	----------------------

1.2 Preferencias

Modalidade	<input type="text"/>	Establecemento Termal de preferencia 1	<input type="text"/>	establecemento termal de preferencia 2	<input type="text"/>
	<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>
		Meses de preferencia	<input type="text"/>	ou	<input type="text"/>

1.3 DECLARACIÓN RESPONSABLE, DECLARO baixo a miña responsabilidade que son certos os datos que consigno na presente solicitude, manifestando que quedo informado/a da obriga de comunicar á Deputación de Lugo calquera variación que dos mesmos puidera producirse no sucesivo, así como:


- Que **SI** me valgo por min mesmo/a para as actividades da vida diaria.
- Que **SI** estou en condicións de participar no programa LugoTermal.
- Que **NON** presento alteracións do comportamento que me impidan a convivencia nos establecementos termais.
- Que **NON** padezo enfermidade transmisible con risco de contaxio.
- Que **NON** teño contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termais e **ACEPTO** as bases do programa LugoTermal

En	<input type="text"/>	a	<input type="text"/>	de	<input type="text"/>	de	<input type="text"/>
----	----------------------	---	----------------------	----	----------------------	----	----------------------

Asinado:



2.DATOS DA PERSOA ACOMPANANTE

NOME	<input type="text"/>	PRIMEIRO APELIDO	<input type="text"/>	SEGUNDO APELIDO	<input type="text"/>
DNI	<input type="text"/>		DATA DE NACEMENTO	TELEFONO DO ACOMPANANTE	
	<input type="text"/>			<input type="text"/>	



2.1 DECLARACIÓN RESPONSABLE, DECLARO baixo a miña responsabilidade que son certos os datos que consigno na presente solicitude, manifestando que quedo informado/a da obriga de comunicar á Deputación de Lugo calquera variación que dos mesmos puidera producirse no sucesivo, así como:

- Que **SI** me valgo por min mesmo/a para as actividades da vida diaria.
- Que **SI** estou en condicións de participar no programa LugoTermal.
- Que **NON** presento alteracións do comportamento que me impidan a convivencia nos establecementos termais.
- Que **NON** padezo enfermidade transmisible con risco de contaxio.
- Que **NON** teño contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termais e **ACEPTO** as bases do programa LugoTermal

En a  de de 

Asinado:

ANEXO II

Ofértanse prazas de termalismo nos seguintes destinos, quedando os mesmos subordinados á contratación das prazas termais necesarias de maneira efectiva e cuxa resolucións sexan firmes.

Programa CON ESTANCIA 6 días e 5 noites, entrada Domingo	Prazas	Técnicas	Achega persoa usuaria	Achega deputación
BALNEARIO Y TERMAS DE LUGO, S.L. (LUGO)	75	20	189,50 €	110,50 €
HOTEL BALNEARIO AUGAS SANTAS, S.L. (PANTÓN)	500	15	189,50 €	110,50 €
BALNEARIO DE RIO PAMBRE, S.L.(PALAS DE REI)	75	15	189,50 €	110,50 €

Programa SEN ESTANCIA, 10 días de luns a venres	Prazas	Técnicas	Achega persoa usuaria	Achega deputación
BALNEARIO Y TERMAS DE LUGO, S.L. (LUGO)	100	40	200,00 €	0,00 €
HOTEL BALNEARIO AUGAS SANTAS, S.L. (PANTÓN)	150	30	200,00 €	0,00 €
BALNEARIO DE RIO PAMBRE, S.L.(PALAS DE REI)	70	30	200,00 €	0,00 €

Anexo III**Declaración renuncia á praza**D./D^a.

Con DNI/NIF

na miña condición de beneficiario do programa Lugothermal

 Renuncio a praza outorgada na entidade.....

En _____, a _____ de _____ de 202

(sinatura do beneficiario)

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

CONCELLOS**BÓVEDA***Anuncio***LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO EXPEDIENTE DE SELECCIÓN PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL (OEP 2022), PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DE BÓVEDA.**

De conformidade co expediente de provisión dunha praza vacante de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local (OEP 2022), a xornada completa (100%), en réxime de persoal laboral fixo mediante concurso-oposición, regulado nas Bases aprobadas por Resolución de Alcaldía – Presidencia número 2022-0515, de data 27/09/2022, publicadas integramente no BOP de Lugo núm. 226, de 01/10/2022, así como anuncio da convocatoria no DOG núm. 188, de 03/10/2022, e BOE núm. 239, de 05/10/2022.

Vista a Resolución de Alcaldía núm. 2022-0616, de data 07/11/2022, aprobando a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as do dito proceso selectivo, publicado no BOP de Lugo núm.256 de data 09/11/2022, concedendo un prazo de dez (10) días hábiles para formular reclamacións á lista provisional ou emendar erros.

Rematado o prazo de subsanación e analizada a documentación aportada polas persoas candidatas, tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar a seguinte relación definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as:

ADMITIDOS/AS:

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO	IDIOMA EXAME ELIXIDO
CAMBA GÓMEZ, M ^a CRISTINA	**54623**	SI	GALEGO
FERNÁNDEZ MANEIRO, LUCÍA	**30846**	SI	GALEGO
GÓMEZ SÁNCHEZ, JOSE MANUEL	**99776**	SI	CASTELÁN
PRADO RIELO, DANIEL	**28169**	SI	GALEGO
RELLO LÓPEZ, OSCAR	**26433**	SI	CASTELÁN
RIOJA MÍGUEZ, DAVID	**34546**	SI	CASTELÁN

EXCLUÍDOS/AS:

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO	MOTIVO DA EXCLUSIÓN
CASTRO LÓPEZ, CARLOS	**26954**	NON AUTENTICADO	NON PRESENTA: - ANEXO II -DNI AUTENTICADO -TITULACIÓN REQUERIDA AUTENTICADA
DÍAZ MIRAS, MARIA DEL CARMEN	**80717**	SI	- REVERSO DA TITULACIÓN REQUERIDA NON AUTENTICADA

SEGUNDO. Proceder a nomear aos seguintes empregados/as públicos, funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo, con titulación de nivel igual ou superior a esixida para o acceso ao posto ou praza, como membros do Tribunal de selección:

TRIBUNAL PROCESO SELECTIVO AEDL BÓVEDA LABORAL FIXO		
CARGO	TITULAR	SUPLENTE
PRESIDENTE	D. Juan Hernando Rosa Ruiz (Secretario-Interventor da Agrupación de Concellos de Bóveda e O Incio, Lugo)	D ^a . M ^a Cristina González Santín (Tesoreira do Concello de Monforte de Lemos, Lugo)

SECRETARIO	<u>Dna. María del Pilar Tella Mazoy (Administrativa do Concello de Ribeira de Piquín, Lugo)</u>	D ^a . Ana Belén Castro Gil (Administrativa do Concello do Incio, Lugo)
VOGAL 1	D. Asier Maceda González (Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de O Incio, Lugo)	<u>D. Eloy López Fernández (Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Samos, Lugo)</u>
VOGAL 2	D ^a . Luisa González Maceda (Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Pobra de Brollón, Lugo)	D ^a . María Jesús Grandío Río (Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Guntín, Lugo)
VOGAL 3	D ^a Purificación Freán Caldas (Administrativa do Concello do Incio, Lugo)	D ^a . Nadia Díaz Vázquez (Secretaria-Interventora da Agrupación de Concellos Taboada-Guntín, Lugo)

TERCEIRO. Convocar ao citado Tribunal para o luns 28/11/2022 ás 13:00 horas no Salón de Plenos do Concello de Bóveda aos efectos da súa constitución e a valoración de méritos dos/as candidatos/as que figuran na lista definitiva de admitidos/as.

Así mesmo, convocar ao citado Tribunal para o martes 29/11/2022 ás 12:00 horas e para o venres 02/12/2022 ás 16.30 horas, no Salón de Plenos do Concello de Bóveda para a realización e valoración dos exercicios da fase de oposición, primeiro exercicio tipo test e segundo exercicio de carácter práctico, respectivamente.

CUARTO. Convocar ás persoas aspirantes incluídas na lista definitiva de admitidos/as para a realización do primeiro exercicio (tipo test) da fase de oposición, para o martes 29/11/2022 ás 12:30 horas no Salón de Plenos do Concello de Bóveda, así como ás persoas candidatas que superen o primeiro exercicio da fase de oposición, para o venres 02/12/2022 ás 17:00 horas no Salón de Plenos do Concello de Bóveda aos efectos da realización do segundo exercicio (práctico).

QUINTO. Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro físico e na sede electrónica deste Concello (<https://concellodeboveda.sedelectronica.es>).

Bóveda, 24 de novembro do 2022. O Alcalde, D. José Manuel Arias López.

R. 3429

O CORGO

Anuncio

Polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 23 de novembro de 2022, prestouse aprobación ao expediente de modificación do orzamento con número 9/2022, de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, por un importe total de douscentos corenta mil douscentos euros (240.200,00 €), sexto de competencia do Pleno.

Cumprindo o disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, co fin de que durante o mesmo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao alcalde-presidente do Concello.

O Corgo, 24 de novembro de 2022.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 3430

A FONSAGRADA

Anuncio

PADRON DA TAXA DE VADOS DO ANO 2022

Aprobado por acordó da Xunta de Goberno de data 04/10/2022, o padrón da taxa de entrada de vehículos a través das beirarrúas e por reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículos, e carga e descarga de mercadorías de calquera clase do Concello de A Fonsagrada, para o exercicio do ano 2022 polo importe total de 6.326,92 €.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA)

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 17 de novembro de 2022.- O Tenente de Alcalde da Corporación, o alcalde en funcións, José Ángel Fernández Carrín.

R. 3389

FRIOL

Anuncio

Polo Pleno do Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 24 de novembro de 2022, prestouse aprobación ao expediente de modificación de créditos número 14/2022, (cuarto de competencia do Pleno), para créditos extraordinarios e suplementos de crédito, financiados por transferencias de crédito e maiores ingresos sobre os inicialmente previstos, dentro do vixente orzamento municipal, por un importe total de corenta e dous mil trescentos sesenta e seis euros con sesenta e oito céntimos de euro (42.366,68 €).

Modifícase o Anexo de inversións do vixente Orzamento.

Cumprindo o disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, co fin de que durante o mesmo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do Edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao Alcalde-Presidente do Concello.

Friol, 24 de novembro de 2022.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 3431

AS NOGAIS

Anuncio

Pola Corporación en Pleno, na sesión extraordinaria celebrada o día 18 de novembro de 2022, adoptouse o acordo de aprobación inicial en da desafectación de bens de dominio público para a alteración da súa cualificación xurídica en bens de carácter patrimonial (expte. 263/2022), que a continuación se relacionan:

DESCRIPCIÓN DO BEN	MARCA	MODELO
Miniexcavadora	Bobcat	328
Rozadora de brazo	Osmag	Top 550
Desbrozadora semiarrastrada	Osmag	SPL-200

De conformidade co artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese a información pública polo prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro da sede electrónica do Concello de As Nogais. Durante devandito prazo poderanse formular polos interesados as alegacións que se estimen pertinentes.

As Nogais, 18 de novembro de 2022.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 3390

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO ANO 2023

Aprobado inicialmente polo Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 18 de novembro de 2022, o orzamento xeral para o exercicio 2023 e documentación que se acompaña, conforme ao previsto no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e o artigo 20 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, expónse ao público o expediente e a documentación integrante do mesmo polo prazo de quince (15) días desde a publicación deste anuncio no BOP de Lugo, para os que teñan a condición de interesados poidan presentar reclamacións ou alegacións. Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. De conformidade co disposto na Lei das facendas locais, o orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non presentan reclamacións.

As Nogais, 18 de novembro do 2022.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 3391

PALAS DE REI

Anuncio

EDICTO DE NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓN E ANUNCIO DE COBRANZA

Unha vez aprobados definitivamente por resolución desta Alcaldía nº 2022-0609, ditada o 15 de novembro de 2022, os padróns e listas cobratorias dos tributos locais Taxa pola prestación do servizo de saneamento e abastecemento de auga, recollida de lixo e canon da auga, referidos ao exercicio de 3º Trimestre do 2022, expóñense ao público no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos, por un prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio, co fin de que aqueles que se consideren interesados poidan formular todas as observacións, alegacións ou reclamacións que teñan por convenientes.

Contra o acto de aprobación dos devanditos padróns e/ou liquidacións contidas neles poderase interpor un recurso previo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública, de acordo co establecido no artigo 14 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49,7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Conforme o establecido no artigo 62.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ponse en coñecemento dos contribuíntes que se procederá ao cobramento en período voluntario do imposto do día 1 ao 30 de novembro. O pagamento farase efectivo nas entidades financeiras colaboradoras. Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan adebedados nas contas dos seus clientes.

Unha vez transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfaga a débeda, iniciarase o período executivo, de acordo co teor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de mora, así como a das recargas que correspondan e, se é o caso, das custas do procedemento de constrinximento. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Palas de Rei, 15 de novembro de 2022.- O Alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 3381

PARADELA

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO CONTA XERAL EXERCICIO 2021

Unha vez formulada e rendida a Conta Xeral do orzamento correspondente ao exercicio económico de 2021 e unha vez informada pola Comisión Especial de Contas, exponse ao público cos documentos que a xustifican na secretaría do concello polo prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción do presente Edicto no BOP, co obxecto de que durante este prazo e oito días máis os interesados poidan examinala e presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 212 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.

Paradela, 24 de novembro de 2022.- O ALCALDE, José Manuel Mato Díaz.

R. 3432

Anuncio

O Pleno do Concello en sesión ordinaria realizada o día 24 de novembro de 2022 aprobou inicialmente a modificación de créditos nº 16/2022, de suplemento de crédito nº 01/2022, financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría por importe de 80.000,00 €.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición

pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se unha vez transcorrido o devandito prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Paradela, 24 de novembro de 2022.- O ALCALDE, José Manuel Mato Díaz.

R. 3433

Anuncio

O Pleno do Concello en sesión ordinaria realizada o día 24 de novembro de 2022 aprobou inicialmente a modificación de créditos nº 17/2022, de suplemento de crédito nº 02/2022, financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría por importe de 46.791,53 €.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se unha vez transcorrido o devandito prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Paradela, 24 de novembro de 2022.- O ALCALDE, José Manuel Mato Díaz.

R. 3434

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO 2023

Aprobado inicialmente, polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 24 de novembro de 2022, o Proxecto de Orzamento Xeral, as bases de execución, o anexo de inversións e cadros de financiamento e o cadro de persoal para o exercicio 2023, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do R.D. lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais e disposicións concordantes, exponse ao público na Secretaría do Concello, polo prazo de 15 días hábiles, que se contarán dende o seguinte ao da inserción do presente edicto no B.O.P., co fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións e suxestións que se consideren pertinentes.

De conformidade co acordo adoptado, o Orzamento considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

Paradela, 24 de novembro de 2022.- O ALCALDE, José Manuel Mato Díaz.

R. 3435

O PÁRAMO

Anuncio

Por Resolución de alcaldía de data 18 de Novembro de 2022 resolveuse o seguinte:

“Vistas as Bases para a cobertura mediante oposición de 1 praza de Traballador/a Social para o Concello de O Páramo, Persoal Laboral Fixo, aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 19 de xullo de 2022.

Vista a relación provisional de admitidos e excluídos aprobada por Resolución de Alcaldía de data 23 de Setembro de 2022 publicada na sede electrónica <http://concellodeparamo.sedelectronica.gal>, no taboleiro de anuncios e no BOP de Lugo n.º 224 de 29 de Setembro de 2022

Examinadas as alegacións presentadas polos aspirantes

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar de forma definitiva a seguinte relación de aspirantes admitidos e excluídos da convocatoria referenciada:

ADMITIDOS

NOME E APELIDOS	D.N.I
Flavia Rodicio Fuentes	***7272**
Tamara Torreiro Rodríguez	***7271**
Lorena Bouza Piñón	***1730**

María Carmen Prieto Rojo	***6180**
Sonia Fariñas Iglesias	***5634**
Beatriz Pereiro Sordo	***3578**
Óscar José Rodríguez López	***4171**
María Mar Gómez Fernández	***2350**
Lucía Alonso Fernández	***3188**
Carla Carballedo Roca	***5034**
Enma García López	***2183**
Ana María Martínez Neira	***3513**
Galia Fernández García	***0890**
M.ª Inmaculada Victorino Domínguez	***9154**
Lucía Obarrio Salvador	***8026**

EXCLUIDOS

NOME E APELIDOS	D.N.I	MOTIVO EXCLUSIÓN
Marta López Piñeiro	***5006**	DNI sen compulsar Titulación sen compulsar
Ana Díaz Felpeto	***7172**	Solicitud fora de prazo

SEGUNDO: Designar como membros do Tribunal que debe xulgar as correspondentes probas a:

- Presidenta: Dona Margarita M.ª Docanto Alonso. Traballadora social do Concello de Ortigueira
- Suplente: Dona M.ª Jesús Veigas López. Traballadora social do Concello do Incio.
- Secretaria: Dona Carolina Cortón Fernández. Secretaria-Interventora do Concello do Páramo.
- Suplente: Dona Nadia Díaz Vázquez. Secretaria-Interventora Agrupación Taboada-Guntín.
- Vogal 1º: Dona Dolores Antelo Collazo. Traballadora Social do Concello de Laxe.
- Suplente: Dona M.ª Dolores Rodríguez Gómez. Traballadora social do Concello de Taboada.
- Vogal 2º: Dona María Belén López López. Secretaria-Interventora Concello de A Pastoriza.
- Suplente: Dona Lara Riveira Fernández. Cuerpo superior Administración Xunta de Galicia
- Vogal 3º: D.Manuel Piñeiro López .Empregado Público do Concello de Paradela.
- Suplente: Dona María Jesús Grandío Río . Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Guntín.

TERCEIRO: A realización do primeiro exercicio comenza o día 12 de Decembro de 2022, ás 11:00 horas, no edificio do Concello de O Páramo, sito en O Páramo s/n, debendo concurrir os aspirantes provistos do Documento Nacional de Identidade.

CUARTO: Publicar no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica deste Concello <http://concellodeparamo.sedelectronica.gal> e no Taboleiro de Anuncios a relación definitiva de admitidos e excluídos, así como a designación do tribunal e a data da convocatoria para o primeiro exercicio.”

O que se fai público, de conformidade co disposto no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, ante Alcalde deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

O Páramo, 18 de novembro de 2022.- O Alcalde, José Luis López López.

R. 3382

A PASTORIZA

Anuncio

EXPTE 529/2022

DECRETO ALCALDÍA

DON PRIMITIVO IGLESIAS SIERRA// Na Pastoriza, 16 de novembro de 2022

De conformidade co disposto nas bases específicas para a cobertura en propiedade dunha praza de Operario de Servizos Múltiples do Concello da Pastoriza, persoal Laboral fixo, esta Alcaldía

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos para a cobertura en propiedade dunha praza de Operario de Servizos Múltiples do Concello da Pastoriza, persoal Laboral fixo, resultando ser a seguinte:

- ADMITIDOS

Nº	APELIDOS	NOME
1	BRAÑA GARCÍA	ANTONIO
2	ENRIQUEZ ALONSO	PEDRO
3	UZ RODRIGUEZ	RUBÉN

- EXCLUÍDO

Nº	APELIDOS	NOME	MOTIVO EXCLUSIÓN
1	RODRIGUEZ RÍO	EDUARDO	NON PRESENTA DOCUMENTACIÓN ESIXIDA NA BASE 3, LETRA D) DAS BASES DE SELECCIÓN. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Segundo. De conformidade coa Base 6, das bases de selección para a cobertura en propiedade dunha praza de Operario de Servizos Múltiples do Concello da Pastoriza, persoal Laboral fixo, o aspirante excluído dispón do prazo de (10) dez días hábiles para que o aspirante excluído poida emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a súa exclusión.

O manda e asina o Sr. Alcalde-Presidente do Concello da Pastoriza, do que como secretaria, dou fe.

R. 3363

*Anuncio***ELECCIÓN XUÍZ DE PAZ SUBSTITUTO**

Ao abeiro do disposto no artigo 101 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial e no Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz, neste concello iniciouse expediente para a elección de Xuíz de Paz substituto do Xulgado de Paz da Pastoriza.

De conformidade co disposto no art. 102 da Lei Orgánica do poder xudicial, poderán presentar solicitudes para a provisión do posto de xuíz de paz substituto, as persoas que reúnan os requisitos esixidos no seu art. 302 (ser cidadán español e maior de idade), coas limitacións que se establecen no art. 303 como causas de incapacidade.

A solicitude presentarase nas oficinas municipais do Concello da Pastoriza de 09:00 a 14:00 h, no prazo de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo, e deberá conter a seguinte documentación:

- a) Certificación de nacemento e fotocopia autenticada do documento nacional de identidade.
- b) Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes, e declaración complementaria a que fai referencia o artigo 2 da Lei 68/1980, do 1 de decembro, no seu punto 1.a) referente a "si se atopa inculpado ou procesado".
- c) Declaración xurada sobre se incorre nalgún suposto de incompatibilidade para o desempeño das funcións xudiciais recollidas, respectivamente, no artigo 303 e 389 a 397 da LOPX, a excepción do exercicio de actividades profesionais ou mercantís (arts. 1.2 e 14 RXP).
- d) Xustificación dos méritos que, no seu caso, alegue o solicitante con indicación da profesión e actividades que realiza.

A Pastoriza, 18 de novembro de 2022.- O Alcalde, Primitivo Iglesias Sierra.

R. 3384

*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL**

O Pleno do Concello en sesión ordinaria realizada o día 17 de novembro de 2022 aprobou inicialmente a modificación de créditos nº 2022/19, na modalidade de suplemento de créditos nº 2022/02, financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería por importe de 262.000 euros.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se unha vez transcorrido o devandito prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

A Pastoriza, 18 de novembro de 2022.- O Alcalde, Primitivo Iglesias Sierra.

R. 3385

PORTOMARÍN

Anuncio

O Concello de Portomarín publica en cumprimento do que dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local- o texto integro da “ORDENANZA FISCAL MUNICIPAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES”. A aprobación inicial foi por acordo do Pleno da Corporación do 30 de xuño de 2022 e expúxose ao público mediante anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia número 167 do 22 de xullo de 2022, sen que houbera ningunha reclamación, alegación ou suxestión, razón polo que se entende aprobado definitivamente.

ORDENANZA FISCAL MUNICIPAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.-

Artigo 1.- O Imposto sobre bens inmobles (IBI) rexerá neste municipio:

a) Polas normas reguladoras deste contidas no Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan esta lei.

b) Pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2.-Tipos de gravame;

O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos bens de natureza urbán queda fixado no 0,40 %.

O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicables aos bens de natureza rústica queda fixado no 0,30 %.

O tipo de gravame do Imposto de Bens Inmobles aplicable aos bens de características especiais, queda fixado no 1,3 %.

Artigo 3.- Exencións: En aplicación do artigo 62 do Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, e en base a criterios de eficiencia e economía na xestión recadatoria do tributo, establécense as seguintes exencións na cota líquida do imposto:

a) Bens Inmobles urbáns cunha cuota líquida inferior a 6,00 euros.

b) Bens Inmobles rústicos no caso de que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos posuídos no termo municipal sexa inferior a 6,00 euros.

Artigo 4.- Bonificacións.

4.1.-As vivendas que constitúan a residencia habitual de familias numerosas gozarán dunha bonificación na cota íntegra do imposto, de acordo coas seguintes categorías:

Xeral: bonificación do 75% para aqueles suxeitos pasivos titulares de familias numerosas con tres ou catro fillos, ou que tendo dous fillos un deles sexa discapacitado ou estea incapacitado para o traballo.

Especial: bonificación do 90% para aqueles suxeitos pasivos titulares de familias numerosas de máis de catro fillos.

Aos efectos de clasificación na categoría xeral ou especial anterior, estarase ao disposto na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de Protección ás Familias Numerosas.

Terá a consideración de vivenda habitual a que figure como residencia no Padrón Municipal.

Os suxeitos pasivos do imposto deberán presentar xunto coa solicitude de bonificación os documentos oficiais acreditativos da súa condición de familia numerosa

4.2.—Gozarán dunha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolva total e exclusivamente actividades económicas agrarias ou gandeiras, pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de interese ou utilidade municipal por concurrir circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración, así como as construcións destinadas unicamente a actividades agrarias ou gandeiras.

A declaración de interese ou utilidade municipal, aprobarase pola Xunta de Goberno, en canto competencia do Pleno que se delega na Xunta de Goberno, por razóns de operatividade.

A bonificación terá carácter rogado. Para ser beneficiario desta bonificación os suxeitos pasivos deberán solicitala, surtindo efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude.

Para a súa aprobación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

-certificado de facenda na que conste a situación censal do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo.

-acreditación da titularidade catastral do inmovible

-certificacións acreditativas de que o suxeito pasivo non ten débedas coa facenda estatal, coa autonómica nin coa Seguridade Social.

-xustificación do recoñecemento da explotación, ou licenza/comunicación de actividade correspondente.

Previamente á súa aprobación, o concello realizará de oficio as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto da bonificación solicitada.

Os obrigados tributarios deberán comunicar ao Concello, calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación de este beneficio fiscal. Polo Concello, poderá declararse, previa audiencia do obrigado tributario por un prazo de dez días (contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación da apertura de dito prazo) se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a administración coñeza por calquera outro xeito, a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

4.3.- Establécese unha bonificación de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmovibles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

Ó 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo

Ó 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo

Ó 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles inmovibles nos que teña lugar a implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros nos que se amplíen as instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarse, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A solicitude a presentar por os interesados conterá a seguinte documentación:

Escrito de solicitude.

Certificación catastral descritiva e gráfica do inmovible.

Documentación sobre as licenzas municipais (primeira ocupación, apertura, etc....)

Documentación de alta no imposto sobre actividades económicas.

Documentación que xustifique a creación de emprego.

Artigo 5.-

No que non estea expresamente previsto na presente ordenanza, rexerán os preceptos contidos na lexislación reguladora das facendas locais (Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais) e nas demais leis do estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Disposición adicional única

As modificacións que se introduzan na regulación do imposto, polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar o día 30 de xuño de 2022, entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Portomarín, 18 de novembro de 2022.- O ALCALDE, Pablo Rivas Folgueira.

R. 3386

RIBADEO

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 16 novembro de 2022 o Padrón para o cobro conxunto das taxas por subministro de augas, recolleita de lixo e sumidoiros para o bimestre **XULLO-AGOSTO 2022**, exponse ao público a efectos de exame e reclamacións por prazo de 15 días hábiles, e queda aberto o prazo de cobro en vía voluntaria por prazo de 60 días a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no B.O.P.

Ribadeo, 17 de novembro de 2022.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 3392

SOBER

Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación, en sesión de 24 de novembro de 2022 o expediente de modificación de créditos nº 593/2022 MC 22/2022 TC3, baixo a modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións orzamentarias de distinta área de gasto dentro do vixente orzamento municipal, por importe de 62.457,56 euros e dando cumprimento ao establecido nos artigos 169 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Real Decreto Lexislativo 2/2004, exponse ao público, polo prazo de quince días hábiles a fin de que durante o mesmo, que empezará a contar desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

Sober, 24 de novembro de 2022.- O Alcalde. Luis Fernández Guitián.

R. 3436

VILALBA

Anuncio

Para os efectos do establecido no art. 49 da lei 7/85 do 2 de abril, r/bases réxime local, exponse ó público durante o prazo de **15 días**, as "**Bases do IV Concurso de escaparates de Nadal en Vilalba**", que se aprobaron por Xunta de Goberno o día **21/11/2022**, có obxecto de que, a partir do mesmo día da súa publicación, xa poidan participar todas as persoas interesadas.

Ditas bases poden ser consultadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica <http://vilalba.sedelectronica.es/board> e na páxina web do Concello de Vilalba

<https://www.vilalba.gal/>

Vilalba, 23 de novembro de 2022.- A alcaldesa. M^a Elba Veleiro Fernández.

R. 3437

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO

Anuncio

Dado que o Concello de **NAVIA DE SUARNA (LUGO)** non elixiu xuíz de paz **SUBSTITUTO/A** para a dita localidade, realízase unha convocatoria para que, no prazo de 15 días computados a partir da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, todos cantos teñan interese en acceder ó devandito cargo dirixan unha instancia á presidencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na Coruña facendo constar o seguinte:

- 1º) Nome, apelidos, DNI (fotocopia), idade e enderezo.
- 2º) Se desenvolveron o cargo de xuíz de paz, e se o fixeron como titular ou como substituto.
- 3º) Méritos que estimen oportunos.
- 4º) Profesión actual.

Todo isto faise público, en cumprimento do acordo da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para coñecemento de todos os interesados en solicitar a praza antedita.

A Coruña, 8 de novembro de 2022.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 3387

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – ALFOZ

Anuncio

Concello de Alfoz - Convocatoria subvencions actividades culturais 2022

BDNS (Identif.): 659968

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/659968>)

a) Crédito orzamentario: 8.250 euros.

b) Obxecto, condicións e finalidade:

O obxectivo é a regular o outorgamento de subvencions co obxectivo de apoiar o desenvolvemento de programas ou actividades culturais que complementen a programación dos servizos municipais e que se realicen con carácter público no Concello de Alfoz.

c) Réxime de convocatoria: Concorrenza competitiva.

d) Beneficiarios e requisitos :

De conformidade co indicado no artigo 8.4 da Ordenanza reguladora de cesión de subvencions do Concello de Alfoz, poderán solicitar as subvencions reguladas nas presentes bases as asociacións que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Alfoz, que teñan a súa sede social no termo municipal de Alfoz e gocen de capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables.

Non poderán optar a estas subvencions as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions.

As asociacións solicitantes teñen que estar ao día nas súas obrigas tributarias (AEAT e Facenda), así como, coa Seguridade Social.

As entidades solicitantes non poderán ter pendente de xustificación ningunha axuda anterior do Concello, a non ser que lles fora concedida unha prórroga.

e) Documentación a presentar:

a) Solicitud da subvención segundo Anexo I.

b) Memoria explicativa da actividade que se vai realizar de conformidade co Anexo II.

c) Declaración responsable do representante legal da entidade segundo ANEXO III.

d) Copia do documento nacional de identidade do representante da entidade.

e) Declaración xurada do representante de axudas/subvencions ou patrocinios (sen achega económica) solicitadas e concedidas por outras administracións para a mesma actividade.

f) Copia do CIF da entidade.

g) Declaración xurada sobre a concorrenza dos criterios obxecto de valoración.

h) Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.

f) Unidade tramitadora: Servizos administrativos xerais.

Órgano competente resolución: Alcaldía.

g) Prazo de presentación de solicitudes: 15 DIAS NATURAIS contados a partir do día seguinte da publicación da presente no BOP e na BDNS.

h) Prazo de resolución e notificación: 1 mes, en todo caso a resolución antes do día 31 de decembro de 2022.

i) Se admite a reformulación de solicitudes.

j) A resolución de cesión poñen fin á vía administrativa, cabendo a presentación de recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo de un mes ou ben contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

k) Criterios de valoración:

I. VALORACIÓN ASOCIACIÓN.- (20 pts máximo)

1º.- Número de socios ou de compoñentes da Asociación, ata 8 puntos.

2º.- Antigüidade desde que se constituíu como Asociación, ata 12 puntos.

II. VALORACION DA IMPLICACION NO ENTRAMADO CULTURAL DO CONCELLO: (max 100 pts)

1º.- En función do número de participantes nas actividades programadas. Ata 20 puntos.

2º. En función da repercusión social das actividades organizadas. Ata 30 puntos.

3º. En función do número de actuacións concretas desenvoladas. Ata 36 puntos.

4º. En atención da súa transversalidade co desenvolvemento municipal. Ata 14 puntos.

-Por actividades enfocadas á mocidade (menores de 18anos) : ata 2 puntos por actividade.

-Por actividades enfocadas á 3ª idade: ata 2 puntos por actividade.

-Pola función didáctica e educativa, engadido o seu valor para promocionar e manter as tradicións e peculiaridades culturais de Alfoz: ata 5 puntos por actividade.

- Pola repercusión turística para Alfoz, en canto á afluencia de persoas doutros municipios ou a promoción de Alfoz noutras localidades: ata 8 puntos por actividade.

- Por programar e levar a cabo actividades enfocadas aos veciños con periodicidade polo menos semestrais durante cada ano no Concello: ata 10 puntos por actividade.

III.- VALORACIÓN ORZAMENTARIA.- (Máximo 30 puntos)

1.- Subvencións doutras Administracións ou Entidades Públicas en 2022, ata 5 puntos.

2.- Gastos Totais Realizados (xustificados con facturas) no ano 2022(engadidos os orzamentados comprometidos para o último trimestre), ata 25 puntos.

l) Medio de notificación: A resolución notificarase aos interesados por publicación no taboleiro de anuncios, páxina web e serán notificados individualmente. Transcorrido o citado prazo sen que se renuncie á subvención, se entenderá tacitamente aceptada.

m) Outros datos.

As solicitudes formularanse no modelo normalizado existente nas oficinas de rexistro do Concello e publicados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e dirixiranse ao Sr. Alcalde, presentáense no Rexistro de entrada do Concello ou por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Admítese o pagamento a conta de ata o 80 % da contía total da axuda concedida.

Alfoz, 18 de novembro de 2022.- O Alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 3394

Anuncio

Concello de Alfoz - Convocatoria subvencións actividades educativas e formativas 2022

BDNS (Identif.): 659880

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/659880>)

a) Crédito orzamentario: 1400 euros.

b) Obxecto, condicións e finalidade:

O obxectivo é a regular o outorgamento de subvencións para o desenvolvemento de proxectos, programas ou actividades que persigan un fin educativo pero tamén formativo en distintos ámbitos.

c) Réxime de convocatoria: Concorrenza competitiva.

d) Beneficiarios e requisitos:

De conformidade co indicado no artigo 8.4 da Ordenanza reguladora de concesión de subvencións do Concello de Alfoz, poderán solicitar as subvencións reguladas nas presentes bases centros públicos educativos do Concello de Alfoz e asociacións de pais e nais e asociacións municipais que teñan implicación no sector

primario que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Alfoz e gocen de capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables .

Non poderán optar a estas subvencións as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

As asociacións solicitantes teñen que estar ao día nas súas obrigas tributarias (AEAT e Facenda), así como, coa Seguridade Social.

As entidades solicitantes non poderán ter pendente de xustificación ningunha axuda anterior do Concello, a non ser que lles fora concedida unha prórroga

e) Documentación a presentar:

a) Solicitude da subvención segundo Anexo I.

b) Memoria explicativa da actividade que se vai realizar de conformidade co Anexo II.

c) Declaración responsable do representante legal da entidade segundo ANEXO III.

d) Copia do documento nacional de identidade do representante da entidade.

e) Declaración xurada do representante de axudas/subvencións ou patrocinios (sen achega económica) solicitadas e concedidas por outras administracións para a mesma actividade.

f) Copia do CIF da entidade.

g) Declaración xurada sobre a concorrencia dos criterios obxecto de valoración.

h) Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.

f) Unidade tramitadora: Servizos administrativos xerais.

Órgano competente resolución: Alcaldía.

g) Prazo de presentación de solicitudes: 15 DIAS NATURAIS contados a partir do día seguinte da publicación da presente no BOP e na BDNS.

h) Prazo de resolución e notificación: 1 mes, en todo caso a resolución antes do día 31 de decembro de 2022.

i) Se admite a reformulación de solicitudes.

j) A resolución de concesión poñen fin á vía administrativa, cabendo a presentación de recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo de un mes ou ben contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

k) Criterios de valoración:

I. VALORACIÓN ASOCIACIÓN.- (20 ptos máximo)

1º.- Número de socios ou de compoñentes da Asociación, ata 8 puntos.

2º.- Antigüidade desde que se constituíu como Asociación, ata 12 puntos. .

II. VALORACION DA IMPLICACION NO ENTRAMADO CULTURAL DO CONCELLO: (max 100 ptos.)

1º.- En función do número de participantes nas actividades programadas. Ata 20 puntos.

2º. En función da repercusión social das actividades organizadas. Ata 30 puntos.

3º. En función do número de actuacións concretas desenroladas. Ata 36 puntos.

4º. En atención da súa transversalidade co desenvolvemento municipal. Ata 14 puntos.

-Por actividades desenroladas dende o propio centro: 10 puntos.

-Por programar e levar a cabo actividades con periodicidade polo menos semestral: ata 7 puntos por actividade.

III.- VALORACIÓN ORZAMENTARIA.- (Máximo 30 puntos)

1.- Subvencións doutras Administracións ou Entidades Públicas en 2022 e en 2018, ata 5 puntos.

2.- Gastos Totais Realizados (xustificados con facturas) no ano 2022 (engadidos os orzamentados comprometidos para o último trimestre), ata 25 puntos.

l) Medio de notificación: A resolución notificarase aos interesados por publicación no taboleiro de anuncios, páxina web e serán notificados individualmente. Transcorrido o citado prazo sen que se renuncie á subvención, se entenderá tacitamente aceptada.

m) Outros datos.

As solicitudes formularanse no modelo normalizado existente nas oficinas de rexistro do Concello e publicados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e dirixiranse ao Sr. Alcalde , presentáseno no Rexistro

de entrada do Concello ou por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Admítese o pagamento a conta de ata o 80 % da contía total da axuda concedida.

Alfoz, 18 de novembro de 2022.- O Alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 3395

COMUNIDADE DE USUARIOS DE FRONTÓN, OUTEIRO E LENDORÍO

Anuncio

CONVOCATORIA ASEMBLEA XERAL COMUNIDADE DE USUARIOS DE FRONTÓN, OUTEIRO E LENDORÍO

Día: 17.12.2022

Lugar: Centro Sociocultural de Frontón

Hora: 16:30 h primeira convocatoria; 17:00 h en segunda

ORDE DO DÍA:

- 1.- Lectura e aprobación acta do 08.10.2022
- 2.- Informe situación
- 3.- Alteracións relación de partícipes
- 4.- Plan actuacións
- 5.- Orzamentos 2023
- 6.- Eleccións vogais titulares e suplentes do Xurado
- 7.- Rogos e preguntas

Frontón, 17 de novembro de 2022.- Vicepresidenta da Comunidade (por ausencia) Eva Fernández Vázquez.

R. 3393
